


11 de marzo de 2013, cabodano de Fukushima. Dous anos despois e cun balanzo de 28 millóns de metros cadrados contaminados, 160.000 persoas evacuadas, 250.000 millóns de dólares gastados, a ruina económica e o desarraigamento para milleiros de familias, a pegada de Fukushima tardará en esvaecerse centos de anos, literalmente. Son as consecuencias dun sistema corrupto que protexe ás empresas por riba das persoas e persiste en promover a enerxía nuclear hipotecando a saúde do planeta polo beneficio económico. E cando chega un accidente, as perdas pagámolas todos/as: Tepco, a empresa propietaria dos reactores de Fukushima non puido facer fronte aos gastos e crebou. O governo xaponés nacionalizouna, socializando as perdas, que pagou o pobo. Sónavos de algo? Aínda así, Xapón xa ten máis centrais nucleares en proxecto... A enerxía nuclear é demencial e criminal! No cromo, os efectos dun **"Xoveshima"**, un accidente nuclear na planta que Fenosa quixo construir en Xove no 1973.



Ao fío do cabodano desta catástrofe, reavívase a preocupación pola enerxía nuclear. As organizacións ecoloxistas nunca agardamos por unha catástrofe para poñer sobre a mesa o debate sobre a enerxía nuclear. Sobran argumentos para desmontar as patrañas do lobby atómico e dos seus factotums políticos, que agora, fronte aos gravísimos sucesos de Fukushima, recollen velas e suavizan a súa posición co fume da demagoxia e os tecnicismos.

Eis dez razóns que os ecoloxistas de todo o mundo temos para rexeitar o uso da enerxía nuclear, nun formato de fácil dixestión para políticos e ex-presidentes, de retiro nos consellos de administración dalgunhas eléctricas:

1. A enerxía nuclear é inmensamente destrutiva e perigosa: Harrisburg (1979) Chernóbil (1986) e agora Fukushima, amosan claramente as posibilidadees destrutivas desta fonte de enerxía que por si soa, pode hipotecar o futuro do planeta por moitas xeracións.

2. A enerxía nuclear non é unha enerxía limpa, ao contrario, é das máis suxas: os refugallos perduran durante milleiros de anos e a súa xestión e tratamento aínda non están resoltos .

3. A enerxía nuclear é a máis insolidaria: cria menos postos de traballo que as renovábeis, privatiza os beneficios e deixa nas mans públicas os custos de desmantelamento e xestión dos refugallos, así como os riscos xerados no seu funcionamento e no almacenamento dos refugallos durante milleiros de anos.

4. A enerxía nuclear non é a máis barata, ao contratrio, é moi cara: é un sumidoiro de axudas públicas dende a construción, pasando polo seu mantemento e tamén para a xestión dos refugallos. Por se non fora pouco, mesmo lles pagamos ás eléctricas por non facer máis centrais (moratoria nuclear) através do recibo da luz.

5. A enerxía nuclear non é necesaria: de haber vontade política é posíbel substituila polas renovábeis e promover o aforro e a eficiencia, como fixeron países como Alemaña ou Suecia (que cumpren con Quioto), mentres que Franza, cun enorme parque nuclear, non.

6. A enerxía nuclear non é pois a solución ao cambio climático : no seu ciclo de vida (extración, transporte, construción, desmantelamento das centrais, xestión dos refugallos, etc.) emítense máis GEIS que coas renovábeis.

7. A enerxía nuclear non da a suficiencia enerxética, ao contrario, cria máis dependencia: o uranio é un recurso escaso localizado en poucos xacementos no mundo. O estado español importa practicamente a totalidade do uranio doutros países para as súas centrais, polo que a dependencia que por exemplo co carbón.

8. A enerxía nuclear non é renovábel: as reservas de U-235 son finitas e esgotaranse nunhas poucas décadas.

9. A enerxía nuclear é rexeitada pola inmensa maioría da sociedade: por que entón os principais partidos políticos teiman en defendela?

10. A enerxía nuclear non é sustentábel: non é eficiente eonómicamente, nin solidaria socialmente, nin os custos e riscos ambientais son asumíbeis.

En 2006, o Parlamento Galego aprobou coa unanimidade dos tres grupos, unha Proposición non de Lei que declaraba Galiza como **territorio desnuclearizado** . Agora tócalles ás forzas políticas estatais, tanto do governo como da oposición, acadar un compromiso inequívoco para abandonar o uso da enerxía nuclear, prohibindo por lei a construción de novas centrais e pechando as existentes denantes de 2020.